**PREGO DE CLAUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES DO CONTRATO DE SUBMINISTRO POR LOTES DO VESTIARIO PARA O PERSOAL DEPENDENTE DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES**

**1.- OBXECTO:**
O presente prego de cláusulas técnicas particulares ten por obxecto definir e regular o alcance das condicións técnicas que rexerán a contratación do subministro por lotes do vestiario para o persoal do Instituto Municipal dos Deportes, composto por diversos elementos de roupa, calzado e complementos para o traballo.

**2.- ESPECIFICACIÓNS XERAIS:**

a.- Todas as prendas deberán cumprir coa normativa vixente e posuír marca da de conformidade CE para o uso ao que esta destinada.

b.- Os licitadores presentarán como mostras o modelo de prendas ou elementos a subministrar obxecto deste prego, coas características, cores e serigrafías iguais as que van a entregar, de acordo coas especificacións técnicas definidas neste prego.

c.- As prendas, nas súas medidas e características, estarán adaptadas a todos e cada un dos usuarios finais. O licitador será o responsable do tallado do persoal, cando sexa necesario, para o cal o adxudicatario será responsable de organizar en coordinación coa dirección do IMD un procedemento para o tallaxe a través da elaboración dunha ficha individualizada de cada traballador ou traballadora, na cal constarán cales son os elementos que conforman a equipación ou vestiario, así como o tallase específico para cada persoa. Con esta ficha, realizarase o listado definitivo para o subministro, o tempo que será o elemento necesario para a entrega do vestiario a cada traballador ou traballadora. Este proceso debera de repetirse en cada anualidade do subministro para poder axustarse as tallas as peculiaridades dos traballadores e traballadoras.

d.- O adxudicatario deberá facer entrega de todas e cada unha das prendas nun prazo máximo de 45 días dende a súa validación por parte da dirección do IMD do listado de tallases definitivos. As prendas ou elementos comprendidos no obxecto deste prego deberán ser entregadas convenientemente empaquetadas, embaladas e identificadas por modelos e tallas, no lugar indicado polo Instituto Municipal dos Deportes. O adxudicatario deberá realizar os tallases nun máximo de 10 días dende a adxudicación.

e.- A entrega das prendas deberá axustarse as mostras presentadas. Deberá terse en conta que ademais das tallas deberá facilitarse as mostras necesarias para atender as necesidades, en función de homes e de mulleres.

f.- Serigrafiado e bordado. Todas as prendas deberán ir bordadas e/ou serigrafiadas segundo admitan os materiais, co logotipo do Concello de Vigo, nome do Concello de Vigo e debaixo o nome do Instituto Municipal dos Deportes. Os polos e os chalecos deberán levar o logo do Concello co seu nome debaixo no lado dereito e o logo do IMD no lado esquerdo.

g.- As prendas deberán cumprir con todas e cada unha das características técnicas que se indican para cada unha delas, considerándose estas características como mínimas, polo que de non alcanzarse, a oferta quedará excluída.


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01

## 2.- CARACTERISTSCIAS TÉCNICAS DOS DIVERSOS ELEMENTOS DE ROUPA, CALZADO E COMPLEMENTOS PARA O TRABALLO.

### 2.1.- LOTE 1: CARACTERISTICAS TÉCNICAS DA ROUPA E COMPLEMENTOS.

**2.1.1.-Pantalón de vestir. Dous tipos verán e inverno**

**Verán:**

Pantalón de vestir con pinzas en poliéster, cor azul mariño, con bolsillos laterais.

Tecido:

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Composición:* | *55% Poliéster 45% lá aceptase un 10 % de variación* | | |
| Ligamento: | Sarga 3 e 1 b 2.2 | | |
| Ancho: | 150/152 | | |
| Peso: | 425 gr/ml | | |
| Número de fío: | | | |
| Urdimbre: | 2/38 convencional | 55% | Poliéster 45% lá |
| Trama: | 2/38 convencional | 55% | Poliéster 45% lá |
| Densidades: | | | |
| Urdimbre: | 26,5 fíos por cm. | | |
| Trama: | 21,2 pasadas por cm. | | |

| | |
|---|---|
| Resistencia á rotura por tracción: | |
| Urdimbre: | 120 Kg. |
| Trama: | 85 Kg. |
| Pérdidas ao lavado: | |
| Lonxitude: | 1% Máximo |
| Ancho: | 1% Máximo |
| Peso: | 1% Máximo |

Solideces:

| | Degradación | Descarga |
|---|---|---|
| Luz Solar | 6/7 | - |
| Lavado | 4 | 4 |
| Auga fría | 4/5 | 4/5 |
| Lavado en seco | 4/5 | 4/5 |
| Planchado | 5 | - |
| Suor | 4 | 4 |

Resistencia mínima á abrasión urdimbre e trama:
Ensaio abrasímetro de pratos fregue tecido contra tecido, presión 50 bms. Cm$^2$.
Nº de cliclos 2.250 (Norma LEITAT 88402)
Formación de Pilling: Nula.
Valoración de Pilling: 5
Remate:
Remate arrasado para evitar a formación de Pilling, termofixado a 180 º C. durante 30 segundos e remate especial KD.

**Inverno:**

Coas mesmas características que o pantalón de verán pero de maior gramaxe e con maior porcentaxe de Lá.


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01

**2.1.2.-Cazadora.**
Prenda realizada en nylon con forro polar, tecido exterior protexido contra o auga, hidrofugante. Puños e cinturilla elásticos. Dous bolsillos exteriores con cremalleira, ou similar na parte inferior, e un interior, como mínimo. Cubre cremalleira central. Cor azul marino tanto interior como exterior. Non se admite de ¾.

**2.1.3.- Camisa manga larga e curta vestir. Modelo sport.**
Camisa, calidade popelin, poliéster/algodón con bolsillo en parte dianteira esquerda. Igual en manga curta.

| Características Estructurais | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Características | Método | Especificación | | Tolerancia |
| Composición global: | UNE 40.110 | 65% Poliester- 35% Algodón | | ±3% |
| Ligamento: | UNE 40.161 | Tafetán | | |
| Fíos/cm.: | UNE 40.075 | 43 | | ±1 fío |
| Pasadas/cm.: | UNE 40.075 | 30 | | ±1 fío |
| Título Urdimbre: | UNE 40.018 | 45 l/c | | |
| Título Trama: | UNE 40.018 | 45 l/c | | |
| Peso gr/m$^2$: | UNE 40.339100 | 100 | | ±5% |
| Características Mecánicas | | | | |
| Resistencia tracción: | UNE-EN ISO 13934-1 | U:68 kg. | T:45 Kg. | 3% |
| Pilling (método Martinda) | UNE-EN ISO 12945-2 | 3 – 4 | | |
| *Solidez do tinte* | | Degradación | Descarga | |
| Á luz de Xenon: | UNE- EN ISO 105-B02 | 3-4 | ---- | |
| Ao lavado 40ª: | UNE- EN ISO 105-C06 | 5 | 5 | |
| Ao Pranchado: | UNE- EN ISO 105-X11 | 5 | 5 | |
| Ao Frote seco: | UNE- EN ISO 105-X12 | 5 | 5 | |
| Ao Frote húmedo: | UNE- EN ISO 105-X12 | 5 | 5 | |
| A Suor: | UNE- EN ISO 105-E04 | 5 | 5 | |

**2.1.4.- Camisa de traballo manga larga e curta vestir.**
Camisa, con dous bolsillos, calidade similar a anterior pero de mais grosor.


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01

**2.1.5.- Xersei forma en pico.**
Realizado en mezcla fibra sintética e lá, en forma de pico e redondo,.

- Cor: Azul Mariño
- Composición: 70% Acrílico. 30% lá, longura de fibras de 15 mm.
- Nº de fío e carga: 2/22 a 1 cabo en GALGA.- 18, cotton.
- Tipo de punto: liso pantalla, menguado.
- Carreiras por centímetro: 6 Pasadas por centímetro: 8
- Elásticos: 1x1 de 7 cm
- Peso bruto aprox: 0,420 Kg.
- Peso neto aprox: 0,380 Kg.
- Patronaxe:
- Mangas sisas: rectas metidas, menguadas.

**2.1.5.1.- Chaqueta de punto cor azul con botóns; muller.**
Iguais características técnicas que o xersei.

**2.1.6.- Sudadeira traballo, manga larga, cor azul mariño: inverno e verán.**

**Verán**:
Estarán confeccionados en tecido 65 % poliester 35%. Algodón con variacións dun 10% hacia arriba ou hacia baixo.
Descrición:

Pescozo redondo e manga longa, elástico en pescozo, cintura e baixos.
Cor base: Azul mariño.
Tecido base: Felpa perchada.
Gramaxe: 270-280 gr/m$^2$
Presentación en bolsas individuais.

- Dianteiro: Composto por dúas pezas unidas pr unha terceira (banda vermella), todas elas do tecido principal e mediante costuras remalladas, recargadas e elásticas.
- Espalda: Composto por dúas pezas todas elas do tecido principal e mediante costuras remalladas, recargadas e elásticas,
- Mangas:Manga longa montada, en dúas pezas do tecido principal, pechada pola parte inferior mediante costura remallada.
- Puños: De punto canalé dobre 1x1 do tecido principal, unido á manga mediante costura remallada e reforzada.
- Pescozo: Redondo en canalé 1x1 do tecido principal.
- Tinte: Indices de solidez que en cada caso se citan:

| Indices de: | Degradación | Descarga |
|---|---|---|
| *Á luz* .......................................... | *6* | -- |
| *A auga* .......................................... | *5* | ........................................*5* |
| *Ao lavado* .......................................... | *4-5* | ........................................*5* |
| *A suor* .......................................... | *4-5* | .................................... *4-5* |
| *Ao frotamente* .......................................... | *4-5* | .................................... *4-5* |
| *Aos álcalis* .......................................... | *4-5* | ......................................--- |
| *A auga de mar* .......................................... | *4-5* | ........................................*5* |
| *Ao pranchado* .......................................... | *4-5* | ........................................*5* |
| *Ao lavado doméstico automático:* | | |
| *a)despois de 15 lavados repetitivos*.............. | *4-5* | ......................................--- |
| *Ao lavado doméstico automático a 90 º* ........ | *4* | |

*Tratamentos Químicos:Na fabricación e acabado do tecido, non se incluirán produtos químicos prohibidos pola lexislación que poidan producir reaccións alérxicas polo uso normal da prenda.*

A prenda terá un gramaxe aproximado de 270-280 gr/m$^2$ , cunha posible variación de ± 5. Con este gramaxe lograrase dar á prenda unha maior resistencia, mellor comportamento fronte ao lavado e diminución do encollemento <3%.

Para evitar na maior medida posible que a prenda destiña e tratar que a decoloración da prenda co tempo sexa o menor posible, o tecido será tintado con tintes reactivos sólido.

**Inverno:** Das mesmas características que a de verán na composición, pero en forro polar e con cremallera na parte alta do pescozo ou enteira, gramaxe de 300 gr/m2 mínimo.

**2.1.7.- Chaleco de traballo dous tipos: verán e inverno**

**Verán.**
Chaleco de traballo confeccionado en poliéster/algodón, 65% -35% admítese unha variación dun 10% arriba ou abaixo, gramaxe gr/m2 entre 250- 280 , con varios bolsillos de formas e tamaños para ferramentas e pequenos materiais de traballo. Cor azul, con elementos refrectantes, por diante e por detrás con dispositivo AV na zona dos hombros. Costuras reforzadas en bolsillos.

**Inverno**: Iguais características pero con forro polar poliester/algodón 65%-35% admítese variacións de un 10% arriba ou abaixo.

**2.1.8.- Pantalón de traballo dous tipos:verán e inverno**

**Verán**
Pantalón confeccionados en poliester e algodón entre 65% -35% admítese unha variación no porcentaxe dun 10% da composcióin arriba ou abaixo, gramaxe gr/m2 entre 250- 280. Cor azul marino. O pantalón de traballo deberá levar dúas bandas refrectantes na parte inferior, e entre elas AV.

**Inverno:** Coas mesmas características que o pantalón de verán pero en pana.

**2.1.9.- Camisa de traballo mantemento. m/l.**
Camisa en cor azul celeste manga larga confeccionada en poliester algodón, 65% 35% admítese unha variación no porcentaxe dun 10% da composcióin arriba ou abaixo. Con bosillo. Características similares as do punto 2.1.3.

**2.1.10.- Camiseta interior térmica, cor azul, gris ou negra.**
Camiseta extensible sen costuras, deberá cumprir coas tres funcións básicas dunha camiseta térmica, evitar a perda de calor natural do corpo, facilitar a transpiración e manter o corpo seco tras a actividade física do traballo composición 100% soja, o combinada con poliester ou poliamida. e elastano. Cor azul ou gris.

**2.1.11.- Cinto de vestir.**
Cinto reversible negro, cosido e de pel,.

**2.2.12.- Polo de verán**
Polo de verán con solapas e botóns. Cor azul, gramaje non inferior a 240grs. Composición mezcla de polieste/algodón 65%-35% aceptándose un 10% de variación arriba ou abaixo.

**2.1.13. – Gorra, con viseira.**
Gorra con viseira de cor azual, axustable, e cosida. Composición mezcla de algodón con poliéster, cun mínimo dun 30 % de algodón.

## 2.2.- LOTE 1: CARACTERISTICAS TÉCNICAS DO CALZADO DE TRABALLO.

### 2.2.1.-.Zapatos

2.1.1.1.- Zapatos pel piso goma cor negra cabaleiro

Zapato de pel. Piso de goma, con cordóns. Deberá ofertarse unidades de inverno e verán.

*Categoría*: CI
*Norma:* EN 347
*Cor.* Negra
*Resistencia Eléctrica*: Antiestático.

Deberá reunir as seguintes características:
Corte de pel Napa Flor, calibre 1,6 mm totalmente transpirable e alta resistencia ao desgarro.
Calzado Antiestático, con resistencia ao paso de corrente inferior a 1.000 Megaomnios para permitir a descarga a terra das cargas electrostáticas que acumula o corpo.
Contraforte e tope para a protección do talón e punteira.
Piso inxectado directamente ao corte en Poliuretano resistente a grasas, hidrocarburos, aceites e frío.
Plantilla interior: Extraíble para facilitar a súa mellor limpeza e hixiene, forrada e recuberta dunha espuma de Caucho Non Xel Antifungos e Antibacterias.
Configuración do piso estudiada para darlle ao zapato alta resistencia ao deslizamento.
Zapato con absorción de enerxía no tacón, moi cómodo e lixeiro, pensado, creado e realizado tendo en conta as esixencias de cada traballo.
1.2.- Zapatos pel piso goma cor negra para uniforme señora.
*Cor:* Negro.
*Certificación CE:* Certificado CE, Clase I.
Directiva 89/686/CEE

2.2.1.2.- Zapato feminino de pel

Zapato de pel, napa flor, forro de pel de porcino, planta acolchada, transpirable e piso de poliurentano antideslizante.
Planta: Acolchada e forrada en material transpirable.
Empeña*:* Alta para dar maior comodidade. A pel empregada será de flor de primeira calidade e está forrado interiormente con pel de porcino de primeira calidade.
Piso*:* Será de poliuretano antideslizante e silencioso, moi lixeiro con tacón de 2,5 cm de altura, a baixa densidade do poliuretano empregado fai posible a absorción de enerxía no tacón, amortiguando os impactos do pe contra o chan que se producen durante a marcha.
Peche: Lateral por elástico ou foles.
Peso*:* reducido.

### 2.2.2.-.Bota de traballo con código S3.

As botas serán dieléctricas e realizada en pel flor. Tratamento repelente o auga e superficie de contacto antideslizante.

*Norma:* EN-345: 1992.
*Categoría*: SBP.
*Uso:* Profesional.
*Cor:* Negro

- Características construtivas:

| | |
|---|---|
| Tipo de calzado: | Bota |
| Construcción: | Inxección directa PU+TPU |
| Zona de Talón: | Pechado. |
| Punteira: | Punteira reformada, apta para o |

desempeño de todos os oficios.


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01

| | | |
|---|---|---|
| Resistencia ao impacto: | | 200 Xulios |
| Categoría: | | SBP+CI+E+WRU |
| Membrana + forro: | | TEX |

- Descrición de compoñentes:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Empeña: | | Pel flor natura, espesor 2 – 2.2 mm. | |
| Collarín: | | Cordura. | |
| Sola: | | PU+TPU. | |
| Punteira: | | Punteira plástica | FIBERPLAST |
| Unión corte – piso: | | Inxección directa. | |
| Punteira: | | Esixencia: | |
| Lonxitude Interna: | | 36 mm. mínimo. | |
| Resistencia ao Impacto: | | 14 mm. mínimo. | |
| Resistencia á Compresión: | 13 mm . mínimo. | | |
| Empeña: | | Esixencia: | |
| Altura do corte: | | 113 mm. mínimo. | |
| P.H.: | | 3.5 mínimo. | |
| Absorción e penetración de auga: | | Non penetra antes de 60 min. | |
| Absorción de auga: | | 30% max. Absorción de auga. | |
| Penetración de auga: | | 2 g máx. penetración auga. | |
| Membrana + Forro: | | Esixencia | |
| Membrana: | | Tex. | |
| Permeabilidade Vapor de auga: | 30 mg/cm$^2$ mínimo. | | |
| Coeficiente de vapor de auga: | 2.0 mg/cm$^2$ . | | |
| Plantilla interior: | | Esixencia | |
| Espesor: | | 2 mm. mínimo. | |
| Resistencia á abrasión: | | 400 frontes. | |

*Antibacterias, antifúngos, antiestática.*

| | | |
|---|---|---|
| Sola: | | |
| Espesor: | | 4 mm. mínimo. |
| Resistencia ao desgarro: | | 8 Kn/m mínimo. |
| Resistencia á abrasión: | | 150 mm$^3$ máximo. |
| Resistencia á flexión: | | 4.0 mm/30Kc. |
| Resistencia á perforación: | 1100 N. | |
| Resistencia aos hidrocarburos: | 12% máximo. | |
| Illamento fronte ao calor: | 22° C máximo | |
| Illamento fronte ao frío: | | 10ªC máximo. |
| Resistencia ao esbaramento: | 0.15 mínimo. | |
| Absorción de enerxía no tacón: | 20 Xulios. | |
| Proba eléctrica: | | |

| | Mínimo | Máximo |
|---|---|---|
| Clase eléctrica: | 00 | 0 |
| Nivel de auga. | 58 mm | 58 mm |
| Intensidade de fuga á tensión de proba | 012mA | 018mM |
| Tensión soportada: | 6KV | 10KV. |

*Condicións da proba: 23° ±5° C. Humidade: 30% ±2%.*
*Clase eléctrica 00= 1.5 mA.*
*Clase eléctrica 0=2.5 mA.*

**2.2.3.- Zapato de traballo de seguridade con código S3**

Realizada en pel de serrase e felpa acolchados, e tecidos transpirables, con cordóns e cosido, solo antideslizante e flexible,. Punteira reforzada con elemento de seguridade non metálico. Sistema antitorsión. Plantilla anti-perforación e pinchazos de Aceiro. Piso antideslizante, resistente a


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01

abrasión e ergonómica. Absorción da enerxía na zona do talón. Punteira de protección resistente a 200 xulios mínimo.

**3.- UNIDADES POR LOTES:**

3.1.- LOTE Nº1: ROUPA E COMPLEMENTOS:

| CONCEPTO | UNIDADES |
|---|---|
| Cazadora | 51 |
| Pantalón verán | 60 |
| Pantalón inverno | 65 |
| Jersei | 59 |
| Chaqueta muller | 18 |
| Camisa Vestir ml | 61 |
| Camisa Vestir mc | 61 |
| Pantalón traballo verán | 45 |
| Pantalón traballo inverno pana | 26 |
| Camisa trabajo M/Larga | 42 |
| Chaleco trab. Verán | 14 |
| Chaleco trab. Inverno | 21 |
| Sudadera verán | 40 |
| Sudadera inverno | 23 |
| Camiseta térmica | 69 |
| Polo | 42 |
| Gorra | 21 |
| Cinto | 41 |

3.2.- LOTE Nº2: CALZADO E BOTAS DE TRABALLO:

| CONCEPTO | UNIDADES |
|---|---|
| Zapatos verán | 56 |
| Zapatos inverno | 60 |
| zapato traballo protección | 33 |
| Botas traballo protección | 28 |

Vigo, 7 de maio de 2015

O director técnico do IMD

José Ángel Lago Filgueira


Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01